

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A REDE EUROPEA CONTRA A POBREZA EAPN-GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á COORDINACIÓN, OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS E SINERXIAS DE ACTUACIÓN DAS ENTIDADES INTEGRANTES QUE TEÑEN COMO FINALIDADE A LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL NO EXERCICIO 2022

No lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, no Diario Oficial de Galicia número 82.

Doutra parte:

Dona Eloína Ingerto López, con DNI 33321904X, presidenta da asociación Rede Europea de Loita contra a Pobreza e Exclusión Social no Estado Español na Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante EAPN-Galicia), con NIF G70209549, en virtude do seu nomeamento segundo o acordo de modificación da Xunta Directiva adoptado pola Asemblea Xeral de dita asociación o día 5 de xuño de 2019, actuando en nome e representación daquela ao abeiro das funcións atribuídas conforme ao disposto no artigo 29 do seus estatutos.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto.



MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á inclusión activa e integración sociolaboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.

CUARTO.- Que EAPN-Galicia é unha entidade de natureza asociativa que agrupa a entidades autonómicas do Terceiro Sector implicadas na loita e na defensa dos dereitos de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social. Constituída conforme o artigo 5 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, atópase inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2009/012813-1ª e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769. Segundo os seus estatutos, carece de ánimo de lucro, conta con personalidade xurídica propia, autónoma en relación ás das súas entidades asociadas, con plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas. O seu ámbito de actuación é principalmente a Comunidade Autónoma de Galicia, e ten como fins, entre outros, os seguintes:

- a) Facilitar os fluxos de información entre as organizacións do Terceiro Sector e contribuír á formación dos seus diversos axentes.
- b) Contribuír a analizar a realidade da pobreza e a exclusión social e reflexionar sobre as súas causas e sobre as propostas para a incidencia das mesmas, promovendo estudos e investigacións, así como xornadas, seminarios e foros de reflexión e análise.



- c) Incidir nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia, dende o ámbito europeo e estatal ata o local, con especial incidencia nas políticas deseñadas e executadas pola Xunta de Galicia.
- d) Potenciar a transparencia e mellora da xestión do sector, desenvolvendo unha estratexia de calidade e responsabilidade das organizacións, así como recompilando e transferindo as boas prácticas identificadas.
- e) Facilitar a participación das persoas en risco de pobreza ou exclusión social nas entidades membro e diante das diversas administracións públicas.
- f) Sensibilizar ao conxunto da sociedade e corresponsabilizar aos axentes clave, en particular administracións públicas e empresas, sobre as cuestións relativas á inclusión social a través de diferentes iniciativas, como a responsabilidade social corporativa.

QUINTO.- Que para a consecución dos ditos fins EAPN-Galicia realiza as seguintes actividades, as cales se detallan na cláusula primeira, especialmente en tres liñas de actuación:

1. Sistema información compartida e traballo colaborativo e en rede:
 - a) O desenvolvemento de intranet con repositorio, documentación e xestión de comunicación e formación interna.
 - b) O compartimento de información e boas prácticas con entidades membro e con outras redes autonómicas.
 - c) O Plan de xestión de voluntariado.
 - d) A realización de estudos. No 2022 o Plan Estratéxico do Terceiro Sector de Acción Social – EAPN Galicia 2022-2024, Informe Vivenda en Galicia ou Estado de Pobreza 2022.
 - e) O aseguramento do mantemento e da seguridade informática.
 - f) O fomento do traballo en grupo, ben de xeito continuado (Comunicación, Participación, Fondos Estruturais, inserción sociolaboral, etc.) ou *ad hoc* (Ingreso Mínimo Vital e RISGA, IRPF, convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social, etc.).
2. Incremento da capacidade de investigación e propostas de mellora na loita contra a pobreza, exclusión social e servizos sociais:
 - a) A identificación das prioridades en servizos sociais e emprego dende o Terceiro Sector Social galego durante o ano 2022.
 - b) A realización de informes-propostas en diversas materias sobre pobreza, emprego, xénero, vivenda, familias monoparentais e rendas mínimas (Ingreso



- Mínimo Vital, RISGA). No 2022 en especial, Propostas crise Ucraína/inflación e pobreza enerxética, Estratexia e Axenda Social de Galicia, Plan de loita contra a pobreza en familias monoparentais, ou propostas para a nova Lei de Inclusión de Galicia.
- c) A organización de foros sobre pobreza, exclusión social e Terceiro Sector. No 2022, exclusión residencial, aporofobia e exclusión bancaria e financeira, participación persoas en pobreza, impacto reforma laboral no Terceiro Sector e outros.
 - d) A resposta ás demandas, consulta e diálogo coas administracións públicas, en especial da Xunta de Galicia.
 - e) Presenza activa e propositiva en órganos e foros sociais de interlocución no eido dos servizos sociais e o emprego como o Consello Galego de Benestar Social, o Consello de Economía Social ou o Observatorio de Acción Voluntaria. Tamén a participación nos grupos de traballo da Axenda Social de Galicia 2021-2030.
3. Aumento da capacidade de comunicación interna e externa para difusión da mensaxe de defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión, especialmente a través das mesmas:
- a) O mantemento dun Grupo de comunicación operativo.
 - b) O desenvolvemento do plan de comunicación externa e interna (medios de comunicación e Social Media). No 2022 implicará campañas como a do X Solidario do IRPF e do Imposto de Sociedades, Emerxencia Vivenda ou aporofobia bancaria e exclusión financeira.
 - c) A realización de seminarios, acompañamento, deseño e implantación de campañas de comunicación (redes sociais e medios). En especial as adicadas a combater os "prexuízos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo ás persoas en risco de pobreza ou exclusión" como instou por unanimidade o Parlamento de Galicia. No 2022 implicará seminarios sobre fomento de narrativas alternativas contra discurso da aporofobia e o odio, así como unha guía de recursos, inclusión financeira e de servizos.
 - d) A organización do Encontro de participación das persoas en risco de pobreza e exclusión. E o fomento da presenza efectiva de persoas en encontros de participación estatal e europeo.
 - e) A celebración do Día da Xustiza Social e do Día de Erradicación da Pobreza.
 - f) Facilitar comunicación externa e interna coas organizacións que conforman o Terceiro Sector de Acción Social galego, co impulso do Boletín "EnRedeSocial" como único medio de información en Galicia con novas de servizos sociais e loita contra a pobreza.



4. Actuacións no eido de continuar afrontando a crise social e sanitaria motivada pola pandemia da COVID-19, a guerra de Ucraína ou o aumento dos prezos da enerxía e alimentos, como a mellora da web específica para entidades e cidadanía ou a adaptación telemática e comunicación (Zoom, seminario teletraballo, etc.).

SEXTO.- Que a Consellería de Política Social e Xuventude, conforme co Decreto 124/2022, do 23 de xuño, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante que lle corresponden á Xunta de Galicia.

SÉTIMO.- Que no exercicio destas competencias considérase axeitado desenvolver unha liña de colaboración coa concesión dunha subvención pública a través da subscripción dun convenio con EAPN-Galicia, para facer posible o desenvolvemento das actuacións da dita entidade tendentes á coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social descritas no expoñendo segundo.

A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular reside na circunstancia de que os estatutos de EAPN-Galicia configúranse como a única que ten por obxecto a incidencia no deseño de novas políticas e prácticas que contribúan á defensa dos intereses das persoas en situación de pobreza e exclusión social, provocando cambios que optimicen os procesos de inclusión social en Galicia, e a única na que se establece que poderán ser membros da mesma todas as persoas xurídicas sen ánimo de lucro involucradas na loita contra a pobreza e a exclusión social definida de acordo co establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Esta entidade apoia ás entidades representantes das persoas vulnerables que conectan os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que canalice e dea voz ás demandas do sector. De acordo con isto, a Consellería de Política Social e Xuventude considera que a colaboración no mantemento das actuacións descritas nos fins de EAPN-Galicia cumpre, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan subscribir un convenio de colaboración coa suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e contido

É obxecto do presente convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e EAPN-Galicia para a realización, por parte desta última, dunha serie de actuacións encamiñadas á coordinación, optimización dos recursos e sinerxías de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.

A colaboración establecida neste convenio céntrase na concesión dunha subvención por parte da Consellería para a realización das actuacións programadas pola entidade que aseguren a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o incremento da eficacia e a eficiencia das actuacións das súas entidades membro, coas seguintes finalidades:

- a) A creación de grupos de traballo, tanto estables como *ad hoc*, establecendo calendarios de realización das xuntanzas, con implicación de persoas expertas e das entidades membro. Inclúe a realización de actividades como:
 - Grupos ad hoc: Definición e presentación de propostas consensuadas e suxerencias de mellora para as Convocatorias de subvencións en materia de inclusión social e IRPF; nova Lei de Inclusión Social (favorecendo sinerxias entre Ingreso Mínimo Vital, RISGA ou Tarxeta Básica); Plan de choque contra a pobreza das familias monoparentais; medidas de inserción socio-residencial e de acceso á vivenda; Fondos Estruturais (FSE+ e FEDER) e Next Generation (Mecanismo de Reconstrución e Resiliencia).
 - Grupo de traballo de Comunicación.
 - Grupo de traballo de fomento da participación de persoas en situación de pobreza ou exclusión social e da mocidade que se concretará nun Encontro galego de Participación Social para a elaboración de propostas políticas con obradoiros previos de preparación do mesmo, a formación e preparación da delegación que asista ao Congreso Estatal de Participación, e a presentación de propostas á Valedora do Pobo no marco do Día Internacional de Erradicación da Pobreza (17 de outubro).
 - Grupo de traballo sobre emprego e inserción sociolaboral.
 - Plan Estratéxico do Terceiro Sector de Acción Social – EAPN Galicia 2022-2024.
- b) A garantía dunha presenza activa coa elaboración de propostas nos diversos foros sociais e políticos responsables do asesoramento e supervisión das políticas públicas do ámbito social en Galicia. Inclúe a realización de actividades como:



- Nova Lei de Inclusión: Ingreso Mínimo Vital, RISGA, Tarxeta Básica.
 - Plan de loita contra a pobreza en Familias Monoparentais.
 - Propostas sobre a crise de Ucraína, inflación e pobreza enerxética. Presentación destas aos grupos parlamentarios e ao novo presidente da Xunta.
 - Estratexia de Acción Voluntaria de Galicia 2022-2027.
 - Informe da Vivenda en Galicia 2022 e propostas para a nova convocatoria de inserción socio-residencial e intermediación de entidades do Terceiro Sector.
 - Axenda Social de Galicia 2022. Participación en grupos de traballo sobre esta.
 - Informe do Estado da Pobreza 2022.
 - Recoñecemento do Terceiro Sector de Acción Social: proxecto de lei do diálogo civil de Galicia; fomento do traballo en rede co Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia) e a Plataforma da Infancia de Galicia.
 - Exclusión financeira, seminario sobre contas de pago básicas, accións con Abanca e outras entidades bancarias, colaboración co Instituto Galego de Consumo e coa Valedoría do Pobo.
 - Apoio á economía social e solidaria: Santiago capital española da economía social; participación no Consello de Economía Social.
 - Actuacións de análise dos efectos ocasionados pola aplicación da normativa xurídica con incidencia nos servizos sociais.
- c) O incremento da participación democrática e a incidencia social e política dos galegos e galegas en risco de pobreza e exclusión social. Inclúe a realización de actividades destinadas ao dito colectivo como:
- Comunicación e incidencia exclusión financeira.
 - Obradoiro sobre fenda dixital e muller no medio rural.
 - XIII Encontro Galego de Participación e apoio a delegacións Encontro Estatal (incluído mocidade) e Europeo.
 - Día da Erradicación da Pobreza. Acto sobre o mesmo coa Valedora do Pobo e o Parlamento.
- d) Facilitar a comunicación interna e externa e o recoñecemento das organizacións de iniciativa social do Terceiro Sector Social galego e fomento do diálogo civil coas administracións públicas galegas. Inclúe a realización de actividades como:



- Campaña X Solidario do IRPF e do Imposto de Sociedades 2022 (#EmerxenciaSolidaria).
 - Campañas de comunicación online e/ou exposicións: Emerxencia vivenda, Pobreza Galicia, Aporofobia Bancaria, Exclusion financeira, etc.
 - Boletín "EnRedeSocial" 26 edicións.
 - Actualización web EAPN. Adaptación a redes sociais, contidos e información.
 - Informe sobre as necesidades formativas das entidades membro.
 - Seminario sobre o impacto da reforma laboral no Terceiro Sector.
- e) Fomentar iniciativas conxuntas entre organizacións de iniciativa social e administracións públicas de formación e difusión de ferramentas sobre: construción discurso, tolerancia e loita contra aporofobia, discurso do odio e desinformación cara a calquera colectivo en risco de vulnerabilidade, así como de apoio as súas vítimas. Inclúe a realización de actividades como:
- Seminario ibérico sobre aporofobia e discurso do odio con EAPN Portugal.
 - Participación en eventos de loita contra a pobreza, discurso do odio e aporofobia. Entre as entidades participantes previstas están a Escola Universitaria de Traballo Social da Universidade de Santiago de Compostela, Escola de Relacións Laborais da Universidade da Coruña, a Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, así como centros de ensino secundario.
 - Guía de acceso a recursos de inclusión financeira e de servizos contra a aporofobia.
 - Informe detallado de casos de aporofobia bancaria.

SEGUNDA.- Obrigas da entidade como beneficiaria da subvención

EAPN-Galicia asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura deste convenio:

- a) Realizar as accións subvencionadas a través deste convenio.
- b) Acreditar a realización das accións a subvencionar así como a aplicación dos fondos ao fin destinado de acordo co establecido na cláusula quinta deste convenio.
- c) Cumprir os requisitos e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



- d) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, incluíndo o resultado da auditoría económica realizada pola entidade, requirida pola Consellería de Política Social e Xuventude, a través dos seus órganos competentes en materia de inclusión social e de inspección de servizos sociais, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, a sede de EAPN-Galicia está situada en Santiago de Compostela, na Praza Camilo Díaz Baliño, 17 (Centro Negocios EsMarta, Local 3), e todas as peticións de documentación deberán dirixirse a esta para acadar maior operatividade.
- g) Informar á Consellería de Política Social e Xuventude, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social, do funcionamento das actuacións a subvencionar a través deste convenio.
- h) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das accións, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- i) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como en lenda alusiva ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación coas accións e actuacións a subvencionar.
- j) Levar un arquivo e custodia, durante, polo menos, cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das accións obxecto deste convenio. En particular, EAPN-Galicia comprométese a achegar inescusablemente nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social e Xuventude.



- k) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- l) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

TERCEIRA.- Orzamento

A concesión da subvención regulada neste convenio terá como límite global o crédito asignado para estes fins na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, na aplicación 13.03.312A.481.3, polo importe global de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 €), sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

CUARTA.- Gastos subvencionables

A condición de imputable do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da acción; que de xeito indubidable responda á natureza das actuacións a subvencionar; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación.

Poderán financiarse con cargo a este convenio gastos correntes consumibles non amortizables necesarios para a realización das actuacións, tales como:

- a) Gastos de persoal.
- b) Aluguer (incluídos gastos de comunidade).
- c) Combustible e outros gastos de desprazamento.
- d) Seguros: vehículos, voluntarios e locais.
- e) Material de oficina non inventariable.
- f) Mantemento e material de reposto de máquinas, instalacións e equipos.
- g) Teléfono e enerxía eléctrica.
- h) Gastos de publicidade, sensibilización, consultoría, formación e asesoría externa.
- i) Gastos de auditoría necesarios para a xustificación das actuacións a subvencionar a través do convenio.
- j) Gastos de adquisición e envío de material hixiénico sanitario.



Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución das actuacións financiadas a través da concesión directa da subvención obxecto do convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.

QUINTA.- Forma de xustificación e pagamento

Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 17/2021, do 27 de decembro, ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pagamento efectuarase previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento das actuacións a subvencionar a través deste convenio, cuxo contido se detalla na cláusula sexta.

A entidade beneficiaria poderá solicitar pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que EAPN-Galicia xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

O 20% restante farase efectivo unha vez rematada e xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 14 de decembro de 2022, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos de accións de 2022 liquidables con posterioridade a esta data; neste caso, o prazo de xustificación poderá comprender ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se estableza a axuda.

En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación.



SEXTA.- Documentación para xustificar as axudas

1. Para xustificar o pagamento final presentarase unha conta xustificativa que incorpore:

- a) Unha memoria de resultados da actuación subvencionada.
- b) Certificacións que acrediten o cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade autónoma de Galicia, e das obrigas coa Seguridade Social.
- c) Unha memoria económica abreviada que constará da seguinte documentación:
 - Unha relación clasificada dos gastos do persoal adscrito á execución da actuación subvencionada, na que se indique: identificación da persoa traballadora, categoría laboral, mes, nómina neta, IRPF, cotas da Seguridade Social da persoa traballadora e da entidade empregadora, nómina bruta e a porcentaxe desta que se imputa á subvención.
 - Unha relación clasificada dos restantes gastos correntes da actuación subvencionada, na que se identifiquen: persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe imputado, data de emisión e data de pagamento.
- d) Un informe dunha persoa auditora sometida á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas e inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, conforme ao artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Acompañará á conta xustificativa de gasto unha certificación emitida por ese rexistro para a comprobación da inscrición.

No caso de que EAPN-Galicia estivera obrigada a auditar as súas contas anuais por un persoa auditora, a revisión da conta xustificativa poderá ser efectuada pola persoa auditora contratada para ese labor ou por outra distinta, de conformidade co artigo 50.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e polo disposto neste convenio.

A verificación que figure no informe de auditoría terá, en todo caso, o seguinte alcance:





- O cumprimento por parte de EAPN-Galicia das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que rexe a xestión e a aplicación da subvención.
- A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.
- A realidade e a regularidade das actuacións que foron financiadas coa subvención.
- O adecuado e correcto financiamento das actuacións subvencionadas.

O informe de auditoría permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa. En todo caso, deberá comprobarse:

- 1.º Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa que asuma dita competencia, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.
- 2.º Que existe concordancia entre a memoria de actuación e os documentos xustificativos do gasto realizado. Se existiren desviacións a respecto do orzamento desagregado de gastos previstos achegado pola entidade beneficiaria ao inicio da tramitación do convenio, deberase engadir a explicación de cada unha delas.
- 3.º Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actuacións subvencionadas.
- 4.º Se existiren outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento das actuacións subvencionadas, deberase indicar o seu importe e a súa procedencia. Ademais, farase mención expresa ao custo total repercutido das mesmas para a entidade, e certificarase que non existe sobrefinanciamento da actuación subvencionada de conformidade coa cláusula sétima.
- 5.º Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme a normativa vixente. Para iso, no informe deberá confirmarse:
 - Que os gastos realizados e imputados ás actuacións obxecto de subvención gardan unha relación directa con elas, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.



- Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.
 - 6.º Que EAPN-Galicia utiliza un sistema de contabilidade separada ou codificación contable que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.
 - 7.º Que EAPN-Galicia dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección da entidade provedora, naqueles casos en que non recaera na proposta económica máis vantaxosa.
 - 8.º Que a persoa que exerza a auditoría se pronunciará sobre a elixibilidade do Imposto do Valor Engadido imputado ao programa e que non é susceptible de recuperación ou compensación.
 - 9.º Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da actuación subvencionada.
2. Para xustificar os libramentos parciais presentárase unha conta xustificativa que incorpore a mesma documentación que a conta xustificativa do pagamento final coa excepción da memoria de resultados da actuación subvencionada e da parte do informe de auditoría que fai referencia a outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento da actuación subvencionada.

SÉTIMA.- Obtención doutras axudas

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas nas cláusulas do mesmo.
2. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das accións derivadas do convenio. Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o



importe total destas non supere o custe total das actuacións a subvencionar a través deste convenio.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de EAPN-Galicia, así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración, designada pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de Inclusión Social.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita ao órgano de dirección competente en materia de Inclusión Social, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ningunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que desenvolvan as actuacións que formen parte do programa a subvencionar, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, ni directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- Duración

A vixencia do presente convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2022.



Non obstante, financiaranse os gastos realizados que cumpran as condicións indicadas na cláusula cuarta deste convenio, realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución e reintegro

1. Serán causas de resolución do convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
 - b) O acordo unánime das partes asinantes.
 - c) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do programa ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
 - d) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos do que motivaron a súa concesión.
 - e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
 - f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
 - g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.
2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA.- Carácter administrativo do convenio

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto por estas aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.



DÉCIMO TERCEIRA.- Cuestións litixiosas

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto no o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA.- Transparencia e publicidade

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Como beneficiaria de subvención pública ao abeiro deste convenio, EAPN-Galicia obrígase a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información



necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

DÉCIMO QUINTA.- Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e que derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral sobre a protección de datos).

Os datos persoais recabados neste procedemento de concesión de subvencións serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, ao abeiro do disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativo a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados á Intervención Xeral da Administración do Estado, como órgano responsable da Base de Datos Nacional de Subvencións, co fin da promoción da transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na



normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Xuventude
Fabiola García Martínez

A presidenta de EAPN-Galicia
Eloína Ingerto López

